

Infancia perenne

Poeta pleno

ROMÁN RAÑA

Nesta nova entrega, Manuel Vilanova (Barbantes, Ourense, 1944) prosegue a súa traxectoria lírica que pendula entre obras descomunais, *A esmeralda branca*, e breves poemarios como o que hoxe chega á nosas páxinas, *Nin sequera no ceo*. No mundo que Vilanova nos propón os sentimentos non se oxidan, as persoas que se nomean viven nunha infancia perenne non atinxida polo virus do tempo nin contaminada polas podres intereses adultos. Por iso nos seus versos brillan tenrísimos afectos onde desfilan nenas e nenos (Ada, Aldara, Uxía, Manuel), o encantado estupor de Merlín que contempla o mundo finalmente edénico. Aínda que, ás veces, esa alegría primordial non entupe unha melancolía profunda que erosiona o artista ante a fugacidade da vida e a impaciencia da terra. Tampouco as reflexións sobre o exercicio da escrita cheas dunha ironía escéptica ou dun bo humor crítico; ou as homenaxes diáfanas ao Cunqueiro neotrobadoresco en versos verdadeiramente conmovedores.

Todo isto deseñado con maístral pericia por un poeta pleno de facultades, dominador da lingua e da sintaxe, amo e señor dun lirismo sen fisuras onde todos os tropos están ao servizo da expresión do seu interior: “coa claridade navegante/da humildade/–nenos espertos soñando–”.

VILANOVA, Manuel, *Nin sequera o ceo*, Ed. Follas Novas, Santiago, 2011, PVP11, 50 €

